

**TEATRO E LINGUA  
EN OTERO PEDRAYO:  
UNHA APROXIMACIÓN**

**Xosé Manuel Sánchez Rei  
Xosé Ramón Freixeiro Mato**

**Grupo ILLA (Universidade da Coruña)**



## 1. INTRODUCCIÓN

O galego de Ramón Otero Pedrayo (1888-1976) pasa por ser un dos máis vizo-  
sos do século XX. Na súa linguaxe literaria conflúen, en primeiro lugar, elemen-  
tos que hoxe, co desenvolvemento da lingüística galega, poderíamos clasificar  
con total facilidade como coloquialismos, dialectalismos e popularismos, os cales  
dotan a lingua de Otero dunha notábel dose de autenticidade. En segundo lu-  
gar, tamén é merecedor de nota o propositado aproveitamento de recursos do  
galego oral tradicional, capaces de proporcionaren á escrita da altura novos hori-  
zontes expresivos e de a faceren apta para todo o tipo de xénero, nomeadamente  
desde a creación vocabular ou desde a ampliación semántica de determinadas  
voces do mundo rural. E en terceiro lugar, a recorrencia ao portugués contem-  
poráneo e ao galego medieval cumpriu na escrita do autor de Trasalba e na dos  
seus coetáneos un papel igualmente relevante para a recuperación de léxico e pa-  
ra o acrecentamento lexical.

Ao mesmo tempo, aínda que fose mellor coñecido pola súa produción pro-  
sística e ensaística, a súa dramaturxia é hoxe en día subliñada pola alta calidade  
e polo que supuxo de inspiración para o teatro galego actual. Escritoras e escri-  
tores souberon ver na obra dramática de Otero Pedrayo unha verdadeira refe-  
rencia como autor, de modo que a crítica actual pon moito en valor a súa pro-  
ducción dramática polo seu carácter innovador e vangardista.

A nosa intención, por tanto, é reflectirmos á volta das características lingüís-  
ticas do galego empregado por Otero, uns trazos que abrochan nun contexto  
sociohistórico concreto e que se mantiveron, no xeral, ao longo de toda a súa  
proteica produción literaria. Para esta finalidade faremos, en primeiro lugar,  
unha abordaxe xeral das circunstancias da escrita en galego no primeiro terzo do  
século XIX a nos centrarmos nas Irmandades da Fala, período no cal o polígra-  
fo ourensán principia a súa carreira artístico-literaria e no cal tamén a consi-  
ciencia da necesidade dunha prosa e dun teatro en galego dignos, á mesma altu-  
ra do que se facía noutros países da Europa, discorre paralela á preocupación  
pola lingua do país no tocante aos seus usos sociais e ao seu futuro. En segun-  
do lugar, a nos basearmos na cantidade e na validez artística do teatro oteriano,  
tracexaremos un breve percurso pola súa notabilísima produción. E, en ter-  
ceiro lugar, centrándonos fundamentalmente no léxico, imos ver como os trazos

lingüísticos da escrita de Otero se manifestan en tres textos teatrais (*Diálogos na néboa*, 1931; *Traxicomedia da noite dos Santos*, 1960; *O fidalgo e a noite*, 1970), embora fagamos referencias ocasionais a outras obras, nin sempre pertencentes ao xénero dramático.

## 2. LINGUA E SOCIEDADE GALEGAS DURANTE O PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX

Conforme acaba de ser sinalado, Otero Pedrayo principia a súa vida literaria nun período crucial do século pasado para o avance dos idearios nacionalistas, nos cales a defensa da lingua protagoniza papeis centrais para as nadas en 1916 Irmandades da Fala (IF). O papel fulcral que conceden á lingua galega na definición e proxección da identidade singular do país\* demóstrase, para alén de no propio nome que escolleron, nos seus textos fundamentais, desde a obra do seu “heraldo” Manuel García Blanco (García Negro 2012), pasando polo inspirador da denominación e redactor dos textos fundacionais (Villar Ponte 1916a, 1916b), pola *Doutrina nacionalista* (1921) de Ramón Vilar Ponte, que dedica un capítulo á “lingua como fundamento primordial da nacionalización” (Blanco Echauri, García Negro e Sanmartín Rei 2006: 65-69), até chegarmos aos textos programáticos e organizativos das IF e á prosa doutros destacados autores da súa época, como V. Casas, X. X. González, Paz-Andrade, Peña Novo, Pedret Casado, Porteiro Garea, V. Risco, X. Vicente Viqueira etc.

Así pois, ao ser a lingua galega unha preocupación primordial das IF, estas deciden prestixiala mediante a recuperación e modernización da súa tradición cultural e a superación do complexo de inferioridade das e dos falantes, para o que proxectan unha serie de actividades de forma a abranxeren os diferentes campos de actuación social. Desta maneira, ven no teatro un medio útil para espallaren a ideoloxía nacionalista e para daren novos ámbitos de uso á lingua; por consecuencia, fundan o Conservatorio Nazonal de Arte Galego e a Escola Dramática Galega coa finalidade de levaren o teatro por todas as cidades e vilas

---

\* Perante a decisión do Consello da Cultura Galega de utilizar “Galicia” como denominación oficial do país fronte a Galiza, “forma lexitimamente galega” (NOMIG 2003, p. 57) e denominación histórica da nación, para se referiren a esta, os autores do presente artigo optaron pola súa substitución por expresións perifrásticas equivalentes, como “a nación”, “o país” etc.

do territorio (Biscaíno e Lourenço, 2002). Conscientes tamén da importancia da escola para a recuperación de usos da lingua, as IF preparan diversos proxectos para a galeguización do ensino –“A nosa escola”, 1917, e “Nosos problemas educativos”, 1918, debidos a Viqueira (1974: 137-140, 144-73); “Plan pedagóxico pra a galeguización das escolas”, 1921, da autoría de Vicente Risco (2001)– que as circunstancias políticas non permitiron levar a cabo. Promovidas tamén por persoas vinculadas ás IF, xorden editoras que difunden a narrativa breve en galego de carácter popular, como *Lar na Coruña*, *Céltiga en Ferrol* ou *Alborada en Pontevedra*; neste labor atinxen unha singular relevancia as figuras de Ánxel Casal e María Miramontes, que acaban por concentrar e representar na súa propia morada coruñesa todo ese esforzo galeguizador das IF:

Os anos de *Lar* son os anos da posta en marcha dunha experiencia múltiple. O local das Irmandades, Real 36, 1º é por esas datas o fogar do matrimonio, o obradoiro para a minerva e as caixas, o local de administración e impresión de *A Nosa Terra* e da editora, así como o local das escolas das Irmandes (sic). Escolas estas, abertas e populares con ensino bilingüe e orientación progresista que dirixen e sustentan o matrimonio coa axuda dos Somoza, Elvira Bao e no que conferencian e axudan Otero Pedrayo, Cebreiro, Lesta Meis, Castelao... (Vázquez Souza 2004: 191-192)

En relación con esta actividade editorial está a creación da revista *Nós* en Ourense no ano 1920, promovida polo grupo local das IF e dirixida por Vicente Risco, que dá nome á Xeración Nós e que serve de canle de expresión para a potenciación e modernización da cultura galega. Nas súas páxinas tiveron cabida, alén da literatura, traballos de historia, filosofía, socioloxía, etnografía ou arqueoloxía, conseguindo para o galego novos ámbitos de uso, como a prosa científica, obxectivo que os membros desta xeración consolidarían coa súa obra individual. Vira aleccionadora a súa coñecida evolución ideolóxica, ao pasaren a adquirir un firme compromiso coa nación e coa súa lingua após descubriren que a única maneira de seren europeos e universais era seren plenamente galegos; esta evolución está ben explicada por Vicente Risco en “Nós, os inadaptados” (1933) e por Otero Pedrayo en *Arredor de si* (1930), onde o seu protagonista Adrián Solovio aprendeu axiña a falsidade, en que el “por costume e priguiza” participara, “de ser o galego unha lingua vella, unha ruína, non doada pra conter nin fecundar unha idea moderna, impropia pra a Técnica e pra a Filosofía por exemplo”; mais desde que “Adrián falaba galego sentía todo o seu ser renovado” (AS 176). Así explica

tamén Risco (1933: 122) o periplo vital dos membros da súa xeración e del propio: “viñemos dar na solprende descuberta de que Galiza, a nosa Terra, oculta ao noso ollar por un espeso estrato de cultura allea, falsa e ruín, vulgar e filisteia, ofrecíanos un mundo tan esteso, tan novo, tan inédito, tan descoñecido, como os que andábamos a precurar por aí adiante”.

Como herdeiros e fillos ideolóxicos da Xeración Nós, un grupo de estudantes universitarios –Carvalho Calero, Filgueira Valverde, Bouza-Brei, Martínez López, X. Lourenzo Fernández, Fraguas Fraguas–, coa colaboración dalgún profesor, fundou en 1923 o Seminario de Estudos Galegos (SEG), que serviu para potenciar e ampliar o uso do galego na prosa científica e técnica. A xente do SEG desenvolveu unha intensa e frutífera actividade investigadora e divulgadora en diferentes campos, con importantes resultados que a barbarie fascista dos vencedores da guerra de 1936 acabou por espoliar ou destruír. Unha mostra desta inquietación rexeneradora pola escrita en galego de temas non reducíbeis ao folclore ou ao costumismo ruralizante está nas oitenta e tres publicacións neste idioma face ás trinta e dúas en castelán que realizou o SEG no período 1926-1934, en que se desenvolven aspectos de ciencias naturais, ciencias sociais e xurídicas, historia, prehistoria, xeografía etc. (Monteagudo 1999: 494).

Tanto a Xeración Nós como o SEG poden enmarcarse dentro do proxecto das IF, pois xa en 1917 as personalidades máis destacadas do que sería logo o Grupo Ourensán da primeira –Risco, o propio Otero e Cuevillas– facían parte da irmandade local (Beramendi 2007: 449) e os obxectivos que perseguía o segundo entraban plenamente na estratexia daquelas. Coa chegada da República en 1931, todo o galeguismo que se movía arredor das IF e que viña desenvolvendo a súa actividade nas diversas fronteas, fundamentalmente de carácter cultural, vai confluír no Partido Galeguista (PG), que persegue a autodeterminación política para o país e a normalización lingüística como obxectivo máis definido.

Así como nas IF entraron moitas persoas nos momentos iniciais procedentes do “máis tépedo rexionalismo ‘sano y bien entendido” (Beramendi 2016: 67) que tiñan unha visión folclórica do galego e unha práctica lingüística incoherente, o PG foi a única forza política que utilizou e defendeu con clareza a lingua galega; usouna en todos os seus actos e conseguiu que se lle recoñecese no Estatuto o rango de cooficialidade, coa consecuente obrigatoriedade do seu ensino na escola primaria e coa introdución nos institutos e escolas de maxisterio da materia de Historia, Lingua e Literatura Galegas, ben como coa obrigatoriedade

para o funcionariado de coñecer o idioma propio do país. Porén, o comezo da Guerra Civil aos poucos días de se ter plebiscitado o Estatuto impediu a súa entrada en vigor e, para alén diso, provocou a brusca interrupción de toda a actividade conducente á recuperación e dignificación da lingua e cultura galegas que as IF foran pondo en andamento desde 1916 a 1931: o SEG será espoliado polo réxime franquista, os planos de galeguización do ensino ficarán paralizados, o proxecto teatral daquelas na realidade xa se pode dar por concluído coa ditadura primorriverista (Biscaíno e Lourenço 2002: 51), o labor editorial en galego recibirá un golpe mortal simbolizado no vil asasinato de Ánxel Casal en Cacheiras en 19.08.1936, como o de Alexandre Bóveda na Caeira representa a interrupción violenta da loita política do nacionalismo galego pola dignificación do idioma. E a mesma sorte seguirán algunhas figuras destacadas das IF, en canto outras terán de se refuxiar no exilio exterior, como Castelao, ou no interior, cal foi o caso de Otero, represaliado pola ditadura franquista e afastado do ensino, ámbito en que chegara a ser catedrático de instituto (Sánchez Rei 1999: 16-18).

### 3. A LINGUA NA ESCRITA E NOS ESTUDOS FILOLÓXICOS

O galego fórbase consolidando no ámbito poético ao longo do período oitocentista e comezou a se abrir camiño no teatro e na prosa narrativa no tránsito intersecular. Mais no ensaio terá de esperar ao século XX para ir conseguindo un oco. Tamén os estudos filolóxicos sobre o galego –basicamente gramáticas e dicionarios– se poñen en andamento na segunda metade do século XIX, a se serviren do castelán como lingua de redacción e a manteren con este unha relación tanto de diglosia funcional como epistemolóxica (Sánchez Rei 2005: 105-108). A centuria novecentista vai agromar co galego convertido en lingua dominante no ámbito literario e progresivamente incorporado á redacción de traballos filolóxicos, a pesar de aínda na prosa o español ocupar un espazo relevante.

#### 3.1. A lingua literaria das Irmandades da Fala

Na época das IF a maior parte das escritoras e escritores galegos vai asumir tamén o compromiso político coa Galicia. Igual que acontecera cos autores e autoras do século XIX, a defensa do idioma converterase nun tema recorrente na literatura do período. Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro declaran no manifesto “Más alá!”

a súa “máis agresiva intransixencia na Fala” porque “a nosa fala é nosa. Pospola a outra calquer, é unha forma do suicidio”, e arremeten contra o escritor bilingüe que “arrecada o galego cada vez que quer dicir unha estupidez moi grande, reservando o castelán pra cando coidan (‘eles’) que están en razón” (Manuel Antonio 1989: 164-165). Tamén o escritor estradense Manuel García Barros fai pór en 1930 como lema do periódico *El Emigrado* esta frase: “Os pobos que esquecen a súa lingua suicídanse a si mesmos”; e inclúe durante unha época no cabezal de todos os números os seguintes versos do poeta Victoriano Taibo: *O galego que non fala / a língoa da súa terra, / nin sabe o que ten de seu / nin é merecente dela*. Sobre o compromiso co uso e defensa da lingua galega por parte dos autores da Xeración Nós xa se dixo algo na sección precedente a respecto do Grupo Ourensán, mais cómpre citar expresamente o exemplo e coherencia de Castelao. Todos eles fixeron parte activa das IF, como tamén foi o caso de Cabanillas, poeta por excelencia do movemento agrarista e igualmente do irmandiño. O voceiro das IF *A Nosa Terra* dá, igualmente, ampla acollida á literatura en galego (Ínsua 2016: 285-286).

Canto ao modelo de lingua escrita, na época irmandiña, de acordo con Fernández Salgado e Monteagudo Romero (1995), domina o galego enxebrista ou diferencialista, que se estende desde 1880 a 1936. Corresponde á etapa de apoxeo das tendencias puristas, que se resiste ás influencias do español e que se abre ás pegadas da literatura medieval, do portugués ou do latín, conforme foi sinalado máis arriba para o caso de Otero e segundo se constatará máis ao pormenor noutras seccións deste traballo. Con todo, conforme afirma Mariño (1998: 466), os españolismos distan de ficaren erradicados nestes anos e a tendencia purista das IF “dexenerou non poucas veces en reduccionismos e distorsións do patrimonio lexical galego ou en actitudes e prácticas diferencialistas”.

### 3.2. A historia externa da lingua

No ámbito máis propiamente filolóxico, na época das IF a publicación de gramáticas e dicionarios continuou o camiño emprendido no século XIX, embora sen chegaren a superar neste primeiro terzo do século as dúas obras máis importantes: a gramática de Saco Arce (1868) e o dicionario de Valladares (1884). No relativo á historia externa da lingua, en 1918 José de Santiago Gómez publica un estudo intitulado *Filología de la Lengua Gallega*. É esta unha obra de carácter patriótico que se pode considerar como o “derradeiro eco das ideas do rexionalismo filolóxico do



século XIX” (Fernández Salgado 2000: 73). Aínda que pasase inadvertida no país como un produto anacrónico no contexto cultural da época e a pesar de ser desprezada nos estudos eruditos de España e Portugal, posúe o mérito de ser un traballo de carácter histórico que na época das IF, perante o silenciamento ou ocultación do galego como lingua con pasado e presente no ámbito peninsular, deixa claro testemuño da súa existencia secular como lingua romance derivada do latín vulgar modificado polos invasores xermánicos, suevos e godos.

Co mesmo propósito de narrar a historia externa da lingua galega e con máis rigor académico, Couceiro Freijomil publica en 1926 unha primeira versión da súa obra *El Idioma Gallego* dentro do volume colectivo *Geografía del Reino de Galicia*, como nos informa Fernández Salgado, quen afirma que tal obra “supón para o galeguismo da época a culminación, a maneira de síntese, da filoloxía galega anterior á Guerra Civil española” e que con ela a historia do galego se encontra coa filoloxía española, portuguesa e romance, ao tempo que trataba de manter o espírito –non a teoría– “da ‘prehistoria’ lingüística galega esbozada por Murguía en dous grandes estadios, as orixes céltico-latinas e a aparición medieval da lingua escrita”, para acrecentar que se “se examina no seu contexto textual, a historia do galego de Couceiro tamén se podería considerar como unha especie de introducción lingüística e histórica ó que ocupa máis da metade do libro, a historia literaria de Galicia” (Fernández Salgado 2000: 117-118). Con efecto, a parte da historia conclúe onde comeza o estudo da literatura.

Aínda no proxecto dun dos fundadores das IF, Ramón Vilar Ponte, de dotar o país “de textos básicos e útiles ao propósito de emancipación nacional que defendía”, alén da *Doctrina nazonalista* e da *Historia sintética de Galicia*, “figuraba unha historia da lingua galega, cuxa publicación aparece anunciada en 1933 e 1935”; trátase da obra *O feito lingüístico galego*, da cal “existe un completo plano temático, para alén do primeiro capítulo escrito integramente” (Sanmartín Rei 2009: 120). Este traballo inconcluso fica fóra do período analizado, pois non foi dado a coñecer até aos primordios da actual centuria (R. Vilar Ponte 2001), con introdución explicativa de Pilar García Negro e Goretti Sanmartín Rei.

### 3.3. Os estudos gramaticais

Canto ás gramáticas da época das IF, dúas son as que se encadran no período que vai de 1916 a 1931: un breve *Compendio de Gramática Galega* de Leandro Carré (asinando como “R. A.”), saído do prelo en 1919, e a máis importante

*Gramática do Idioma Galego* publicada por LUGRÍS Freire en 1922 e reeditada en 1931, sobre a cal voltaremos máis abaixo. Ben se sabe que non houbo gramáticas renacentistas galegas, como si as houbo do portugués ou do castelán, e que non é até meados do período oitocentista que aparecen as primeiras descrições gramaticais do galego: a de Mirás (1864) e as de Cuveiro Piñol e Saco Arce (ambas de 1868). A pesar da novidade que supuñan, ningunha delas foi merecente dunha segunda edición, incluída a máis que notábel de Saco Arce, verdadeira obra de referencia durante os anos finais do século XIX e o primeiro terzo da seguinte centuria. Entre este “primeiro ciclo de produción gramatical” e un segundo formado pola obra gramatical de Manuel R. Rodríguez, os contributos de Martínez Salazar e os *Elementos de Gramática Histórica Gallega* de García de Diego transcorren uns 30 anos –de 1868 a 1898–. Ao paso, entre a publicación desta última obra en 1909 (García de Diego 1984) e o inicio dun terceiro ciclo gramatical, “monolingüe no seu tratamento do galego e normativo nas súas intencións” (Fernández Salgado 2000: 122-3), coa síntese gramatical de Leandro Carré, de 1919, só hai unha década de distancia. Tres anos despois, en 1922, aparece a gramática de LUGRÍS Freire e estas dúas obras constitúen a achega gramatical das IF, non só por entraren plenamente no período temporal de 1916 a 1931 como por os seus autores seren membros destacados do movemento irmandiño e elas mesmas responderen ao deseño programático deste.

Como xa ficou dito, a gramática de LUGRÍS tivo unha segunda edición ampliada e revisada en 1931 e o *Compendio* de Carré dalgún modo tamén, pois con certas modificacións foi reimpresso no prólogo do *Diccionario Galego-Castelán* deste autor (A Coruña, 1928). Non parece casual que o primeiro ciclo gramatical coincida co primeiro Renacemento literario e que este terceiro veña a se producir durante o segundo Renacemento (Rodríguez 1996). Tampouco pode ser produto da casualidade que, sendo Carré e LUGRÍS membros fundadores da primeira Irmandade de Amigos da Fala creada na Coruña en 18.05.1916 e tamén membros do comité editorial do seu voceiro *A Nosa Terra*, o artigo 28 do *Regramento das “Irmandades da Fala”* (A Coruña, 1918) establececese nove obxectivos culturais e lingüísticos, o 3º dos cales era “Procurar a divulgazón e fixación do galego, faguendo e axudando a faguer e imprentar gramáticas, dicionarios y-en xeneral, libros galegos” (Fernández Salgado 2000: 125). A síntese gramatical de Carré sae do prelo ao ano seguinte de se aprobar este regulamento como obra que inaugura a Biblioteca Galeguista, cuxa ‘comisión editora’

estaba constituída por Ramón Vilar Ponte, Bernardino Varela, Lois Peña Novo e Roberto Blanco Torres, todos catro membros da Irmandade da Coruña como o propio Carré.

A outra gramática das IF é a de Lugrís Freire, da cal non se pretende falar aquí. Cómpre dicir tan só que o seu autor, igual que Carré, non posuía título universitario, sentía grande inclinación polo teatro e pola literatura, e mantiña un forte compromiso galeguista dentro das IF, no cal se debe inserir a elaboración da gramática. Lugrís era consciente da má situación social do galego e da anarquía que gobernaba o seu uso, de modo que cumpría endereitalo acudindo á autoridade das escritoras e escritores; por iso bota man da exemplificación literaria, aínda que sen a sistematicidade e o acerto necesarios. Como máis ninguén emprende esa tarefa –téñase en conta que a Facultade de Letras da Universidade de Santiago se crea un ano despois da aparición da súa gramática–, acométea el para atender unha necesidade urxente e para dotar o galego dun instrumento útil. Debido á situación caótica da lingua, a súa gramática, como a de Carré, adopta un ton prescritivo na procura de respecto e prestixio para un idioma que na altura carecía deles, ton que bateu co “rexeitamento das directrices normativizadoras” que propugnaba (Ínsua 2016: 387-389).

### 3.4. Os traballos lexicográficos

Alén da gramática, tamén un dicionario é un elemento necesario e case imprescindíbel para unha lingua nacional ser considerada como tal. E por iso as IF tamén pretenderon atender esa necesidade. Dentro do período de 1916 a 1931 continuouse a publicar o dicionario da Real Academia Galega (RAG) (1913-1928), apareceu un vocabulario do SEG en 1926 e tirou do prelo Carré Alvarellos os dous volumes do seu dicionario (1928-1931); curiosamente, coa autoría das IF aparece en 1933, cando xa estas non existían formalmente, un vocabulario castelán-galego. Canto ao primeiro, a RAG fixara no ano da súa fundación en 1906 o obxectivo fundamental de elaboración dun dicionario galego-castelán, mais tal proxecto non se puxo en andamento até 1913, en que saíu do prelo na Coruña o “Cuaderno 1º” do *Diccionario gallego-castellano*, e necesitou até 1928 para chegar á palabra “Cativo” no seu caderno nº 27, de onde xa non pasaría, oficialmente por ‘dificultades económicas’. Nace, pois, antes do que as IF e termina tamén antes de estas se disolveren no PG, e non responde propiamente ao proxecto irmandiño. Para Fernández Salgado (2000:

284-5) o inconcluso dicionario académico “pode con razón considerarse no ámbito da lexicografía o derradeiro dos logros –incompletos– do rexionalismo organizado” e “reflicte ante todo a ambigüidade ideolóxica do rexionalismo lingüístico murguiano”. Con todo, este dicionario académico “é a primeira tentativa lexicográfica seria de rexistro exhaustivo do léxico galego, tanto antigo como moderno, tanto literario como dialectal”.

Contrasta nisto cos outros dous dicionarios galego-casteláns da época, que procuraban o obxectivo irmandiño de fornecer instrumentos prácticos para a mellora no uso da lingua. Niso tamén apostou o SEG, apoiado polas IF, e así os seus membros mais novos –os estudantes Filgueira Valverde, Tobío Fernández, Magariños Negreira e Cordal Carús– comezan a publicar en 1926 en *El Pueblo Gallego* un incompleto *Vocabulario popular galego-castelán* que abandonan definitivamente en 1928 na entrada “Trevá”. Aínda que fose bilingüe como o académico e o de Carré, o título e o “Limiar” están redixidos en galego de acordo cos novos posicionamentos das IF.

En 1928, cando se interrompe a publicación do vocabulario do SEG e do dicionario da RAG, Leandro Carré Alvarellos inicia a publicación do seu *Diccionario galego-castelán* coa aparición do primeiro volume, que vai do A ao D, que completará en 1931 coa edición do segundo. O primeiro vai introducido por unhas “Verbas limiares” seguidas dun “Prontuario ortográfico” e da “Conxugación dos verbos”, onde aproveita os materiais publicados no compendio gramatical de 1919; declara o sentimento patriótico de irmandade e o amor polo país que moveron a realización da obra, mais abandona o ton de modestia dos autores do vocabulario do SEG e presenta o seu dicionario como o máis completo até ao momento, pódoo tamén en relación co progreso da lingua literaria na altura e a xulgar o presente como un período de recuperación do idioma. Elimina as palabras que son comúns co castelán por non precisaren de promoción nin tradución e rehabilita voces arcaicas lexitimamente galegas, o que pon en evidencia o carácter normalizador e divulgador que guiou a súa obra.

En 1933 aparece un *Vocabulario Castellano-Gallego de las Irmandades da Fala* (Imprenta Moret, A Coruña) que non leva ningunha outra indicación de autoría, mais cuxo autor real é Salvador Mosteiro Pena, e que sorprende tanto por ter o título e a introdución en español como por saír do prelo co nome das IF dous anos após estas desapareceren. Porén, cómpre reparar na novidade de se tratar dun vocabulario castelán-galego, ao contrario dos precedentes (Sánchez

Rei 2012: 191), pois como ferramenta práctica de galeguización talvez posúise máis utilidade. Nas súas “Advertencias preliminares” dise que pretende ser “para utilidade de los escritores gallegos y portugueses” e servir de “base del gran Diccionario gallego en gallego”. Canto ao léxico compilado, declara “consignar todos los vocablos que son netamente gallegos” e que, por tanto, “no constituyen barbarismos, neologismos y maneras de dicción de influencia ajena, especialmente castellana”, a excluír tamén os “términos excesivamente comarcales”. Tamén exclúe termos idénticos aos do castelán na escrita e no significado, mais en troca inclúe “muchísimas correspondencias, giros y variaciones de más de 15.000 vocablos del idioma de Castilla”, alén de listaxes de adverbios, conxuncións e preposicións, relación de palabras con xénero diferente nas dúas linguas, de refráns e proverbios, e unha recompilación de nomes propios. Alén disto, o autor declara a vontade de facer unha relación de palabras portuguesas que non lle parecían propias do galego, mais após “consultar concienzudamente nuestros escritos de diversa índole” dos séculos XIII-XVI e de “esculcar de modo minucioso en el lenguaje hablado en la actualidad”, chegou á conclusión de tal tarefa ser inútil e ilóxica, pois “no existe término netamente portugués que no sea gallego, y viceversa”.

#### 4. A OBRA DRAMÁTICA DE OTERO PEDRAYO

Otero corresponde, pois, a un dos principais autores dese período do primeiro terzo do século XX e un dos fundamentais da literatura galega contemporánea. El é un dos protagonistas principais do colectivo de escritores e escritoras que tentou dotar o galego de novos recursos expresivos e prestixiar a lingua co tratamento de temáticas antes vetadas ao idioma e cunha inxente produción literaria de excelsa calidade. A súa extensa obra, cun cultivo que abranxeu todos os xéneros, ten servido en ocasións para que a crítica desviase a atención cara á súa narrativa e ensaio e que fose valorizado principalmente pola súa produción romancística e ensaística e non polas non poucas ocasións en que se enveredou na dramaturxia. En relación con isto, tamén se afirmou que el non se vía como autor dramático ou, aínda, que se dedicou ao teatro obrigado polas circunstancias (Sánchez Rei 1999: 34-35), impresións que gozaron dun certo suceso e que case se converteron en tópicos; un dato en que se basearon tales afirmacións

asenta nunha carta de 22.10.1973 que o fidalgo de Cimadevila escribe ao dramaturgo Manuel Lourenzo, na cal se pode ler: “Eu de Teatro sei pouco. Teño matinado moitas farsas e case ningunha esquirta. Ou esquirtas e rachadas” (Lourenzo e Pillado Mayor 1979: 93-94). Ao mesmo tempo, un factor que ten sido determinante para o grande público non coñecer a dramaturxia de Otero é a circunstancia de que “a maior parte da súa obra dramática non fose publicada cando o autor a escribiu” (Lourenzo e Tato Fontaíña 1997: 777).

Con todo, a crítica actual pondera a validez e actualidade da produción dramática oteriana, pois alén de a súa dedicación ao teatro non ser esporádica ou puntual (Marco 1991: 25), serviu de referencia fundamental, xa que unhas peciñas como as que figuran no *Teatro de Máscaras*, por exemplo, influíron poderosamente na dramaturxia galega do noso tempo a través de Manuel Lourenzo, Roberto Vidal Bolaño, Xesús Pisón etc.; do primeiro, por exemplo, Biscaíño Fernandes (2007: 566) salienta a súa “reivindicación da dramaturxia oteriana como modelo activo para o teatro”. Tamén se ten sinalado, por súa vez, que, de entre autoras e autores actuais, o escritor de Trasalba é un dos máis representados en versións profundamente libres e arriscadas (Lourenzo e Tato Fontaíña 1997: 800) e, en consonancia tamén coas valoracións anteriores do teatro oteriano e con esas representacións innovadoras, Vieites (1998: 7) defende que “se hai un ámbito literario no que Otero mostra un pulo experimental, anovador e mesmo vangardista, ese é, sen dúbida, o da creación dramática”, en canto tamén denuncia o facto de esta padecer “un inxustificado esquecemento” e “unha clara desconsideración”. Por súa vez, dunha perspectiva de conxunto para toda a obra dramática Tato Fontaíña (2013: 117, 146) salienta como a produción teatral oteriana pasou de ser “practicamente ignorada polos seus coetáneos” a dar forma a un dos referentes indiscutíbeis dos dramaturgos galegos de finais do século XX e, “a través deles, das xeracións máis recentes”.

A estrea do intelectual galeguista como dramaturgo vén da man d’*A lagarada*, “farsada trágica pra lèr”, saída do prelo no ano 1929, a cal abre a primeira das etapas na produción teatral de Otero (Tato Fontaíña 2013). Ao igual que *O bufón d’el-rei*, de Vicente Risco, ou que *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, o tema é o amor trágico que sente Delmiro por Basilisa, obxecto do desexo erótico por parte do vello señor Vences da Alén. O desenvolvemento da acción finda no crime con que o mozo Delmiro, inducido pola rapariga, ansiosa por se beneficiar das riquezas de Vences, asasina o petrucio. Desde este momento, a dedicación

de Otero ao teatro, englobada dentro dunha torrencial creatividade artística, será case constante, xa que desde este ano até 1973 non houbo longas temporadas en que Otero non escribise algún texto dramático.

Pouco tempo despois, en 11.05.1930, apareceron no xornal *El Pueblo Gallego* os *Diálogos na néboa* (DN), os cales voltarían a coñecer unha edición na nosa época (Sánchez Rei 1999). Trátase dunha pección breve cuxos únicos protagonistas, Heráclito de Éfeso e Demócrito de Abdera, conversan por causa de os “Hiperbóreos”, os “Soviets”, lle faceren ao segundo unha homenaxe en forma de estatua ao consideráreno “o primeiro ateo na historia”. As personaxes, na liña doutras de Otero, non axen, mais parolan, ideadas so unha concepción estática, lonxe de calquera dinamismo, o que as conecta coas propostas máis innovadoras do teatro da segunda metade do século XX e as converte, por isto mesmo, en bandeirantes da modernidade da dramaturxia oteriana. Nesta mesma liña podemos inscribir a tamén breve peza *Latricadas*, aparecida no mesmo xornal olívico a penas uns días antes de se publicaren os DN (Marco 1991: 63-64).

De 1934 cómpre subliñar o seu *Teatro de Máscaras*, que dá inicio á segunda etapa da produción dramática oteriana (Tato Fontaíña 2018). Son dezaseis textos que, se o devir histórico da nación fose outro, serían a base do proxecto ideado por Castelao dun Teatro Nacional Galego, un ‘Teatro da Arte’, innovador e europeo, á altura do que se facía noutros países e en consonancia coas novas tendencias que neles se desenvolvían: estamos a nos referir ao Teatro da Arte de Moscova –aberto ás correntes simbolistas–, o *Théâtre du Vieux Colombier*, o Teatro Independente Irlandés etc. (Marco 1991: 22) Esas obriñas, algunha delas inconclusa, non verían a luz, porén, até ao ano 1975 (cunha segunda edición en Boullón Agrelo e Tato Plaza 1989), en que o seu antigo alumnado do Instituto ourensán do Posío decidiu facerlle unha homenaxe consistente na edición daquelas breves pezas argüídas xuntamente co autor de *Sempre en Galiza*. Por estas páxinas oterianas, en congruencia co resto da súa obra, ocorre o tema fundamental, o país, recreado cunhas constantes asentadas na sociedade tradicional do país, como a maxia e a relixión, os cregos, os fidalgos, os pazos etc., que as converten nas farsas máis orixinais do teatro galego (Lourenzo e Tato Fontaíña 1997: 778), a constituíren unha verdadeira referencia “para os dramaturgos que protagonizaron a refundición do teatro galego na década de 1970” (Tato Fontaíña 2013: 89).

Até ao ano 1950 aproximadamente Otero foi compondo máis textos que foron dados a estampa hai algún tempo por Marco (1991). Esta estudosa di trátárense “de cuarenta e un esbozos, proxectos, diálogos, moitos na liña do *Teatro de Mascaras*” (1991: 25). Así, guiándonos polo traballo da editora, exceptuando tres, aparecidos en *El Pueblo Gallego*, os restantes textos publicáronse na sección “Parladoiro” do xornal compostelán *La Noche*, excepto un, o derradeiro, que figura no Arquivo Otero Pedrayo. Novamente o país volta ser tema elementar, adornado mediante personaxes transparentes, sen profundidade psicolóxica, o que as fai estaren á altura das máis sobranceiras vangardas estéticas de finais do século pasado; ao paso, como noutras obras, tamén non faltan personaxes fantásticas e animais.

De 1952 data a publicación d’*O desengano do prioiro ou o pasamento da alegría co grande auto epilogal e xusticeiro dos féretros de Floravia*, dando inicio á terceira das etapas da obra dramática de Otero, cunha produción “de guións [de cinema] camuflados baixo as formas tipográficas de pezas teatrais” (Tato Fontaña 2013: 146) cuxo representante máis explícito é o propio guión intitulado *Camino de Santiago*, datado tamén en 1952 (cfr. CS). Concibida como a antítese do elemento máxico e tráxico do viño n’*A lagarada*, *O desengano do prioiro* é unha visión en clave de humor da nova sociedade industrial que vén asoballar o mundo tradicional, tema que se deseña a través da historia dunha fábrica de cadaleitos que se instala en Floravia (Ribadavia). A acción parte da visita que o frade Veremundo e o seu mordomo, unha vez saídos da cova en que estaban enterrados, realizan á vila para degostaren o seu famoso viño; o contacto coa realidade é, no entanto, ben distinto, pois no seu destino perciben as mudanzas que houbo nesa sociedade orixinadas pola susodita empresa mortuoria. Ao final, os dous mortos, xunto con Pedro Madruga e o Rei Don Sancho, fan xustiza axudados pola mocidade do lugar (representada por Balbanera) ao restauraren os medios de vida tradicionais. Elementos folclóricos aparecen, máis unha vez, ao lado dos simbólicos (a noite, as tebras, o lume con que se queiman os cadaleitos no final etc.), combinados con outros tirados da historia galega (cal Pedro Madruga). Modernamente, existe unha edición preparada por Monteagudo Romero (1998) que tamén recolle o texto d’*A Lagarada*.

Noutra orde de ideas, embora non saíse do prelo até 1985, Otero escribiu *Rosalía* no ano 1959, e, como tantas outras obras da súa autoría, fende os límites convencionais dos xéneros literarios. Ten como argumento a vida da universal



poeta, tracexada a través dos parlamentos da propia escritora e doutras personaxes tiradas da coetaneidade dela ou creadas pola imaxinación do autor: hainas históricas (como Bécquer ou Murguía), simbólicas (cal os comentarios e os silencios ou o pisar da nai), tipolóxicas (como o mociño labrego ou o estudante) etc. Da obra ten comentado Tato Fontaíña (2013: 107-108) o carácter paternalista capaz da abafar a escritora, no cal transparecen preconceitos da sociedade patriarcal e da relixión católica relativamente ás mulleres.

En 1960 aparece na revista bracarense *Quatro Ventos*, nun número extraordinario dedicado á memoria de António Correia d'Oliveira, a *Traxicomedia da Noite dos Santos* (TNS) que fora escrita en 1959. A historia refire a volta á patria, a viaxe *arredor de si* que o protagonista, o fidalgo Amaro Silva, realiza para se achar a si propio após unha viaxe iniciática desenvolvida durante a noite. Termina por descubrir a súa propia verdade decidindo morar no pazo dos seus antepasados con Bibiana, o seu vello amor da mocidade, que representa a fidelidade á terra. Universalismo, por tanto, resolvido na identificación da personaxe coa terra-nai, como Adrián Solovio ou o propio autor, segundo xa foi dito máis acima, ou inclusive a figura de Helena de Rethel no guión *Camino de Santiago* (Tato Fontaíña 2018: 43). A TNS sería posteriormente publicada no número 73 dos *Cadernos da Escola Dramática Galega* e, xa máis recentemente, no final do século pasado (Sánchez Rei 1999).

Dentro da súa obra de carácter ensaístico *O espello na serán*, publicada en 1966 por Galaxia, figuran tres breves textos intitulados *1823. Comediola* (ES: 204-207), *Na noite nai do abrente* (ES: 215-218) e *O diálogo de Merlin e da raíña Lupa* (ES: 291-294), en que o eterno tema do polígrafo, o país galego, se torna, máis unha vez, no punto en común dos textos con tres respectivos tratamentos: fidalgos ou protagonistas da historia cultural da nación (Rosalía, Murguía o meigo Merlín, a raíña Lupa ou Prisciliano) aparecen, noutra ocasión, nesas tres peciñas.

*O fidalgo e a noite* (FN) constitúe outra das obras que legou o autor de Trasalba para a literatura galega. Foi escrita en 1970 e serviu como agasallo de Otero a Manuel María, quen autorizou a súa publicación nos *Cadernos da Escola Dramática Galega* no ano 1979, colección en que voltaría a se publicar en 1988. O mundo tradicional fica abandonado polo fidalgo, que deixa o pazo voando coa súa capa na procura da liberdade, identificada coa súa propia morte. O tema da viaxe, produtivo na escrita oteriana, serve aquí de pretexto, máis

unha vez, para compor un texto dramático. Despois desta publicación, FN voltaría a coñecer unha outra saída do prelo en finais do século pasado (Sánchez Rei 1999).

Finalmente, en 1973 vía a luz a que pasa por ser a derradeira peza teatral do polígrafo de *Nós*, intitulada *Noite compostelá* (*Grial* 40: 187-205), cuxo protagonista é, novamente, outro fidalgo. Existen algúns paralelismos entre esta obriña e a anterior: internamente, cómpre subliñarmos a viaxe aérea e a noite; externamente, son de destacar o gosto polos espazos dilatados ou a constante e común referencia a realidades culturalistas ou librarías. Diferéncianse, con todo, na ambientación rural d'*O fidalgo* e no carácter citadino na *Noite compostelá*.

En síntese, pódese afirmar que durante o dilatado percurso vital de Otero a súa obra dramaturxica non foi produto da casualidade e que tamén non foi esporádica ou residual. Ao mesmo tempo, unha lectura vagarosa de textos oterianos pertencentes a diferentes xéneros tamén facilita verificarmos como as características lingüísticas e gramaticais non disoan a respecto dos detectados nas súas obras teatrais, as cales, no xeral, se mantiveron desde os primeiros escritos da década de 20 do pasado século até aos anos finais da súa vida, conforme xa introducido anteriormente. Na seguinte sección ocuparémonos máis ao pormenor destes asuntos, labor que, aínda que acudamos ocasionalmente a outros textos, será desenvolvido a nos centrarmos de preferencia en DN, TNS e FN polos motivos xa sinalados; para estas tres obras, empregamos as respectivas edicións recollidas en Sánchez Rei (1999).

## 5. APROXIMACIÓN AO GALEGO DE OTERO PEDRAYO: APUNTAMENTOS SOBRE O LÉXICO

### 5.1. Características xerais da linguaxe literaria de Otero

Conforme se comentou máis acima, o propósito das IF foi dignificaren a lingua e dotárena de maiores recursos expresivos, capaces de a faceren válida de forma a ser utilizada no ensaio, na prosa ou no teatro. Tamén se indicou que a plasmación material destes idearios presentou como cumio, dunha perspectiva política, a reivindicación da oficialidade da lingua no Estatuto de 1936 a carón da castelá. Do punto de vista social, alén de na prosa ou no teatro, comezou a ser vehículo habitual en asembleas, mitins e reunións. Dunha óptica estritamente

lingüística, sabendo os escritores e as escritoras das IF, do SEG e da Xeración Nós o perigo a que estaba exposto o galego, procurouse na linguaxe literaria a maior enxebriedade posíbel e un notábel e consciente afastamento do español. Na liña do que sinalabamos con anterioridade, corresponde á etapa do galego “enxebrista” ou “diferencialista”.

Existe un ilustrativo correlato teórico desa conceptualización da lingua e da vontade de a renovar lexicalmente no discurso de ingreso de Losada Diéguez no SEG. O seu título era “Encol da prosa galega” e foi lido en 12.05.1924, aínda que non sería publicado postumamente até ao ano 1930 no número 73 da revista *Nós*. Álvarez Blanco (1988: 11-23) salientou as concomitancias existentes entre o pensar deste autor e a praxe literaria de Otero, detectadas rendibelmente na linguaxe literaria do señor de Trasalba. As principais ideas de Losada, ao noso modo de ver, son sintetizábeis nos seguintes puntos (OC: 404-405): en primeiro lugar, debe aproveitarse o fondo popular da lingua para solventar as carencias que presenta o galego dado o seu particular devir histórico, pois a “calquer parola por ben labrega e ben enxebre qu-ela sexa podeselle dar un outro significado e levala d-aldea â cidade, d-unha corredoira â bioloxía, d-unha ruada â filosofía”, xa que non hai “cosa millor pra avivecer a nosa feiticeira fala que o estudo da fala labrega”. En segundo lugar, a lingua ten de ampliar os seus recursos vocabulares ollando para as linguas clásicas, como xa reivindicaba Saco Arce na segunda metade do século XIX (Freixeiro Mato, Sánchez Rei e Sanmartín Rei 2005: 729), “adoanando as palabras ô seu mesmo xeito. Ningunha fala se chama probe por facer tal achego”. E en terceiro lugar, o idioma antigo serve como manancial lexical interno, e non só, na procura dunha expresión culta, pois segundo Losada Diéguez “os que remexen n-a historia de Galiza poden dar o mais grande amparo ô rexurdimento da língoa, traballando n-o vocabulario da prosa galega da Edade Medea fonte e deloiro ó mesmo tempo da nosa literatura”.

Finalmente, son dignos tamén de se citaren uns artigos de Rafael Dieste que non teñen perda do punto de vista das súas impresións sobre o galego, xa ponderadas en estudos da nosa época (Freixeiro Mato 1995: 281-333). Afirmaba o rianxeiro sobre a lingua portuguesa que non “ten dúbida que fai moito peor xogo co galego un castelanismo que un lusitanismo. Tampouco a ten que un galaicismo encaixa no portugués moito mellor que un castelanismo”, pois “unha verba galega no meio do portugués é coma unha pingota de auga deitada nunha cunca de auga. O mesmo ven a suceder cunha verba portuguesa no meio do galego”

(ATC: 34). Por outra banda, no referente á oralidade dos labregos e mariñeiros, o escritor manifestaba o que segue: “Non hai millor mestre que o pobo en cousas da fala cando sabemos escoitalo e temos tino dabondo pra escolmálo bó e desbotálo refugallo [...]. A palabra adeprendida polos camiños ten, non soio un celme que non pode sere falsificado, senón unha tendencia viva a se pór, ela soia, moi ben posta, onde máis loce e di” (ATC: 87-88).

Así pois, o intelectual e polifacético escritor ourensán foi un dos principais protagonistas activos deste “anceio” de rexeneración do idioma, non só pola cantidade de produción, mais tamén polos trazos lingüísticos da súa escrita. As opinións de Losada Diéguez e de Dieste, como se verá a seguir, harmonizan doadamente no galego de Otero Pedrayo. A respecto da fala popular, dado que posuía unha enorme capacidade memorística, tal vez debesen ponderarse, como un seu primeiro achegamento a unha expresividade máis ou menos “enxebre”, as narracións que escoitou aos labregos de Trasalba e especialmente á súa avoa cando ía para o pazo sendo neno; aquela lingua da señora de Cimadevila sería evocada nos derradeiros anos da vida do escritor por se tratar dun “galego antigo e fermosísimo” (Fernández Freixanes 1982: 21), que quizais poida estar na base dalgunhas das características da prosa oteriana.

Tres son os trazos principais da lingua de Otero Pedrayo, intimamente relacionados entre si: o primeira ten que ver coa falta de fixación formal, isto é, co uso de diversas solucións morfosintácticas e lexicais, que denotan un constante traballo de experimentación cara á enformación do galego culto. O segundo, na liña do aflorado máis acima, consiste na preferencia por aquilo que for o menos parecido co español, tamén, segundo a premisa anterior, sen se decantar por un único resultado. A derradeira das características da súa escrita, e talvez nisto asente unha boa parte da súa riqueza lingüístico-expresiva, ofrecénolo a súa capacidade de creación de palabras, baseada nos recursos que lle brinda a fala popular.

É preciso destacarmos, antes de máis, que os escritos de Otero foron escritos á man e logo mecanografados por unha outra persoa, intermediaria entre o autor e as respectivas casas editoras (Monteagudo 1998: 189). Cómpre, pois, non esquecermos este feito que, a pesar de seguramente non modificar no esencial a súa lingua e a pesar de non ter carácter exclusivo para Otero, puido estar detrás de certas incongruencias e flutuacións formais ou lingüísticas, tan comúns na súa expresión e que tanto a caracterizan. Repárese, en relación con esta circunstancia, en que os profesionais dos obradoiros gráficos, salvando algúns casos como Ánxel

Casal, non estaban afeitos a reproduciren na imprensa redaccións no noso idioma, o que suxire ser a causa de determinadas incoherencias ou particularidades gráfico-gramaticais.

## 5.2. O tratamento do léxico: o acrecentamento vocabular interno

Segundo foi visto con anterioridade, Otero e as IF acometen a renovación da linguaxe literaria galega coa vontade de aprimoraren un vocabulario que era, na altura, marcadamente rural. Para esta encomenda, unha fonte interna de recursos vocabulares foi a lexitimada polo galego medieval, non supeditado a ningún teito lingüístico alleo e empregado horizontal e verticalmente en todo o tipo de usos e funcións sociais. Deste modo, tanto o protagonista das presentes páxinas como os seus coetáneos acoden con frecuencia á lingua antiga para tiraren dos textos conservados entradas lexicais diferentes das españolas que, por veces, coinciden coas evolucións galegas. O punto de partida provén do descubrimento, en finais do século XIX, dos textos medievais e das edicións que se fan deles, pois, desde este momento, as escritoras e os escritores contan, en primeiro lugar, cun importante argumentario para a dignificación sociolingüística e o prestixio do galego e, en segundo lugar, cunha non menos relevante ferramenta para a recuperación de vocabulario e de estruturas morfosintácticas (Freixeiro Mato, Sánchez Rei e Sanmartín Rei 2005: 677-679). Mais, conforme se indicou con anterioridade, esta ansia purista sobordou o alborecer secular no caso de Otero e evidénciase ao longo de toda a súa obra: en harmonía con tal práctica, achamos léxico en TNS e FN que nos tempos actuais podemos denominar arcaísmos: *aas* (TNS: 167; FN: 198), *door* (TNS: 162), *vegadas* (TNS: 175), *ren* (TNS: 176), *teebras* (TNS: 167; FN: 205) etc.

Nalgunhas ocasións vira difícil sabermos se Otero Pedrayo acudiu á lingua medieval ou ao portugués por ambas as posibilidades seren filoloxicamente posibles. É o caso, por exemplo, do nome do país, *Galiza*, forma lexítima restaurada para rexeitar *Galicia*, ou do xentílico, *galegal/o*, que comezou a substituír no rexistro escrito, desde a época das Irmandades, o españolizante e oitocentista *gallegal/o*: *lonxana Galiza* (TNS: 169), *sensibilidade galega* (PM: 238) etc. O contacto coa cultura e coa literatura portuguesas, xunto ás opinións anteriormente expostas, como a de Rafael Dieste, que identificaban galego e portugués nun único sistema, no marco desa perspectiva “filolusitanista” a que fai referencia Ínsua (2016: 286), obrigaba a ter as súas consecuencias lingüísticas na escrita de

Otero. Estas consisten, principalmente, na importación de palabras portuguesas para a linguaxe literaria, cuxos froitos se traduciron en restauracións vocabulares que foran varridas pola erosión do español: grazas a esta actitude, hoxe son relativamente comúns formas como *deus*, *pobo*, *raíña* etc., á parte das citadas referidas ao nome do país e ao cualificativo xeográfico das mulleres e homes que o habitan.

Ora ben, para os que pensan na actualidade dun modo similar a Rafael Dies-te non lles é fácil acharen lusitanismos na lingua literaria de Otero nin na dos seus contemporáneos, pois, con diferentes graos, a maior parte desas penetracións vocabulares da lingua portuguesa é asimilábel ao fondo lexical do galego. Por este motivo, contrastivamente con algúns traballos da nosa época, e en harmonía coa filosofía lingüística dunha parte das IF e da Xeración Nós, só se poden considerar lusismos aquelas formas que probabelmente non circulasen pola fala popular da época, xa que, con toda a seguranza, eran descoñecidas pola galegofonía labrega e mariñeira: tal é o caso da construción *gostar de* (*gostaba de unha fermosa cita* D: 37), *amizade* (E: 159), *azas* (D: 104), *baptizado* (D: 106), *estudos* (E: 67), *isolado* (E: 159), *nervoso* (PM: 143), *ontem* (E: 117) etc. En congruencia con esta práctica, tamén se rexistran entradas lexicais procedentes da outra marxe do Miño nos tres textos dramatúrxicos con que aquí traballamos, algunhas das cales fan hoxe parte do estándar vixente: *anceios* (TNS: 161), *apontar* (*Apontade* TNS: 164), *aza* (TNS: 162), *deuses* (DN: 156), *estudantes* (TNS: 178), *respeitosos* (DN: 154) etc.

Perante outro tipo de palabras comúns co estándar portugués, como antes acontecía no caso dos medievalismos, poden ocorrer varias explicacións sobre a súa orixe. Participan desta casuística, por exemplo, a secuencia *-eia/o* face ás máis comúns *-ea/eo*: formas como *aldeia* (E: 93), *cheio* (AM: 104), *feio* (AM: 21), *mareio* (LA: 12) etc., son susceptíbeis de se atribuíren quer á influencia lusitana, quer ao substrato da lingua popular ou dialectal, que tan pouco gusta de secuencias hiáticas e que as disimula mediante a epéntese da vogal *-i-* (Freixeiro Mato 2006, I: 125). Sexa cal for a súa procedencia, isto é, popular, dialectal ou portuguesa, ou unha combinación de todas elas, éelles común seren positivamente distintas das galegas coincidentes formalmente co español, como igualmente o é o verbo xerado desde a alteración de *paseo*, concibido so os mesmos criterios do que o inexistente en portugués *anceiar* (< *anceio*): *saímos a paseiar* (P: 96), *O artista paseiaba* (PM: 65) etc.

Máis un recurso interno da lingua de acrecentamento lexical, partindo da fala labrega e mariñeira segundo explicitamente defendían Losada Diéguez ou Dieste, é a utilización de voces provenientes do mundo tradicional. Deste modo, a oralidade camponesa proporciona a Otero e aos seus contemporáneos vocábulos que anteriormente posuían unha significación restrita ao medio rural e que foron atinadamente empregados nos rexistros cultos do idioma. Temos mostras en DN, en TNS e en FN desta rendibilidade lexical, proveniente, nun principio, do uso metafórico, para logo pasar a formar parte con relativa normalidade da lingua literaria. Algunhas destas ampliacións semánticas xa se detectan timidamente en textos de finais do século XIX (Freixeiro Mato, Sánchez Rei e Sanmartín Rei 2005: 741-745), aínda que non coa rendibilidade con que serían utilizadas no primeiro terzo da centuria seguinte. Así as cousas, unha palabra como *agromar*, que significa ‘saíren as plantas da terra’, soborda este ámbito rural para apropiarse do de ‘nacer’, ‘aparecer’ (*agromar de bicos* TNS: 167); o verbo tradicionalmente agrícola *ceibar*, ‘soltar o gado’, adquire a significación de ‘libertar’ (*coidabas qu’os átomos iban a ceibarse da lei* DN: 153); *espallar*, ‘estender a palla nos labores do campo’, pasa a significar ‘reproducir’ ou ‘difundir’ (*espallarían seu nome* TNS: 185); un *fato*, ‘grupo de animais domésticos’, pode tamén ser un ‘grupo de persoas’ (*fato de ilustres comadres e candongas históricas* FN: 197); da primitiva esfera semántica de *inzar*, ‘reproducirse con rapidez’, evolúese para o de ‘multiplicarse’ ou ‘proliferar’ (*Vai sendo inzado de grama o patrimonio* TNS: 160); *engaiolar*, ‘meter nunha gaiola’, é usado co valor de ‘enfeitizar’ ou ‘asombrar’ (*co’ísa voce que me aquece e engaiola* TNS: 169); o substantivo *gandideira*, típico dalgunhas xirias gremiais en que quere dicir ‘boca’ ou ‘gorxa’, adxectivízase esporadicamente, co significado de ‘mentreira’ ou ‘falsa’ (*non tiñan mentes de rexistrar os feitos dista vida, ilusión gandideira de sombras* PR: VIII ) etc.

A totalidade da produción literaria de Otero é, ao mesmo tempo, un excelente exemplo desta actitude a respecto da fala popular. Así, *devalar*, ‘minguar a lúa’, adquire novos usos ao se utilizar como ‘decrecer’ ou ‘sumirse’ (*¿Cómo devalaría o són da torre grande de Sant-Iago?* D: 95); a palabra *cerna/a*, ‘corazón da madeira’, transfórmase na ‘esencia íntima de algo ou de alguén’ (*Está no cerne da dinámica diárea do pobo* PM: 23); o verbo *debullar*, ‘tirar os grans dunha planta’, convértese en forma dunha notábel polivalencia semántica representada por ‘esnacar’, ‘sumir’, ‘asimilar’, ‘desmiazar’ etc. (*tiña que debullar o latín* E: 87);

á entrada *esculcar*, orixinariamente ‘observar’, súmase o significado de ‘investigar’ ou ‘andar á procura’ (*anda â esculca de pedras vellas* LA: 15); o vocábulo *xermolar*, ‘xurdir a semente’, consegue o significado de ‘nacer’, ‘aparecer’, ‘crescer’ (*o xermolar de novos corales* PM: 142); o cualificativo *resesa/o*, aplicado xeralmente ao pan de varios días, pasa a se empregar referido a persoas denotando idosidade ou antigüidade (*Resesa, descrebada, aínda locía nos engadidos do pelo e no ámpeto das cadeiras un pouco de aquila graza sensoal* D: 81); etc.

Por outro lado, como foi sinalado máis acima, a ansia de marcar fronteiras lingüísticas a respecto do español fai as obras de Otero promocionaren certas formas face a outras xenuinamente galegas que coinciden coas homólogas castelás, en ocasións forzando a semántica ou as posibilidades de uso. Tal preferencia vocabular pode verse nas tres pezas teatrais que levamos especialmente manexado aquí: de entre *ollar*, *ver* e *mirar* poténciase a utilización do primeiro verbo: *i-olla que pago me dan* (DN: 154), *lume divino no ollar* (TNS: 192); da parella *crego / cura* apóstase no primeiro substantivo: *crego siloxístico* (FN: 204); dos verbos *subir* e *rubir*, este co significado de ‘agatuñar’ ou ‘subir con dificultade’, utilízase practicamente de forma sistemática o segundo: *Rube, pro non maxines chegar ó coto* (TNS: 169), *Rube. Eu che levo no colo* (TNS: 192); das formas *alta/o* e *outa/o*, este última diferencialismo arcaizante inspirado na toponimia (*Montouto, Silvouta, Toxosoutos, Valouta* etc.), ensombrécese conscientemente o emprego da primeira: *outa política senatorial* (TNS: 185); aínda a partir deste cualificativo arcaico criou o fidalgo os adxectivos *oután* (*serra oután* TNS: 160) e *outaneiro* (*lenda outaneira*), o substantivo *outura* (*outura traballada de bacelos* AM: 14) e, posibelmente a se basear no seu *Trasalba*, o topónimo *Trasouto* (AM: 24); a mesma predilección diferencialista atinxe as formas *procurar* e *buscar*, de que se torna máis produtiva a primeira (*procurei a crara sinxeleza* DN: 154; *á procura non se sabe de que nin de quen* FN: 198) etc.

Con todo, temos de subliñar que este criterio non é aplicado regularmente na produción escrita de Otero nin aínda na mesma obra: se en *Pelerinaxes*, poñamos por caso, concorren o vocábulo galego *estrada* (P: 52) xunto á adaptación do español *carretera* (P: 95), na *Traxicomedia* poden detectarse os pares lexicais *unllas* (TNS: 174) e *uña* (TNS: 175) ou *fiestra* (TNS: 158) e *ventán* (TNS: 176), a cuxa utilización habería que acrecentar a voz *fenestra* (FN: 205), posibelmente extraída do italiano.



Noutra orde de cousas, aínda que as formas dialectais vocabulares características da rexión de procedencia de Otero non constituían un número abondoso nas súas obras, pois, excepto *puzo* (D: 10) e algunha outra, son, en xeral, bastante escasas, xulgamos que merecían un comentario certas particularidades do léxico dialectal, propio da súa zona ou non, que aparecen nos tres textos dramáticos. Principiando polas formas verbais, debemos sinalar que lle son de grande rendibilidade, en harmonía co resto da súa produción escrita, os verbos *caír* (*Cairon no mar* TNS: 192; *Debeu caír co whisky Rubén* FN: 204), *traguer* e derivados (*quixen traguerche a boa nova* TNS: 177; *pra atraguer o capitán* TNS: 161; etc.) ou *ouvir* (*non soupeches ouvir onde nace o sol* DN: 156), hoxe en día incorporado ao estándar, en detrimento dos máis estendidos territorialmente *caer*, *traer* e *oír*. Canto aos nomes substantivos, é preciso apuntarmos o emprego de *cabazo* (*A faciana de cabazo farto e marelo* TNS: 161). Tamén usou Otero o substantivo *aira* (TNS: 167; FN: 202; etc.), forma característica do leste do país e antesala do galego común *eira*. Igualmente, vira curiosa a utilización de *volpe* (*fuciño de volpe* TNS: 160), forma que evolúu na área mindoniense dando orixe a *golpe*, que é o nome con que se coñece neses territorios setentrionais o común *raposo*.

Outros recursos de acrecentamento lexical interno son os que posibilitan formar novas palabras. De entre os procedementos derivativos, a sufixación salienta pola súa produtividade. Nestes medios, un dos sufixos máis recorrentes na escrita de Otero talvez sexa o nocional e polivalente *-eira/o*, que o une a nomes substantivos e até a nomes adxectivos, nestes últimos connotando un “valor apreciativo con matiz ponderativo” (Freixeiro Mato 2006 III: 223): *abrilero* (TNS: 167), *fresqueiras* (TNS: 160), *griseira* (TNS: 192), *pequeneira* (TNS: 159), *raposeiros* (TNS: 166), *tristeiro* (TNS: 160) etc. Certa relevancia ten, aliás, o sufixo *-doira/o*, adicionado a verbos: *devaladoira* (FN: 198), *lembradoiro* (TNS: 181), *rañadoira* (FN: 197), *tremadoira* (TNS: 167) etc.; o sufixo *-deira/o*, pola súa parte, que tamén se une a bases verbais, fai aparecer formas como *crecedeira* (TNS: 191), *namoradeiros* (TNS: 161) etc.

O afixo *-iña/o*, o máis emblemático dos sufixos apreciativos galegos, documéntase frecuentemente empregado posuíndo unha certa carga afectiva e a connotar unha grande expresividade, moito embora se non caracterice, no conxunto da escrita oteriana, pola frecuencia de aparecemento. Isto parece explicarse facilmente polo facto da difícil redución do seu galego á coloquialidade en que o tal sufixo se pode atestar facilmente: *casiña da Ribeira* (TNS: 159), *Tempo*, *tempiño*

(TNS: 160), *pinga pinguiña* (TNS: 160), *estrelíña ventureira namorada do arrieiriño durmido* (TNS: 162-163), *mociña lixada* (TNS: 164), *unha candonguiña* (TNS: 164), *Polos difuntiños* (TNS: 188), *amando pastoríñas* (FN: 203) etc.; tamén se acha unido a participios de presente lexicalizados na lingua, como *amantiña* (FN: 198). Outros sufixos apreciativos que achamos son *-etal/e*, *-otal/e* e *-echal/o*, mais realmente son pouco representativos en confronto con *-iña/o*: *fidalgote* (TNS: 167), *rillote* (TNS: 162), *vellota* (TNS: 172) e *vellotes* (TNS: 161), *Probete!* (FN: 203), *fortecho* (FN: 205).

Querer establecer unha fronteira máis nítida co español provocou que Otero inventase palabras para reprobar aquelas que se parecían ou coincidían con aquela lingua. Deste modo, xérase *aplausar* (*aplausan* TNS: 173), *centrosos* (TNS: 188), *inmorrente* (TNS: 181), *sabidentes* (FN: 205), *solidez* (DN: 154), *rixidez* (DN: 154), *vellez* (TNS: 164) etc., que conscientemente evitan o uso de *aplaudir*, *centrais*, *inmortal*, *sabias* ou *sabios*, *solidez*, *rixidez*, *vellez* etc.

En último lugar, salientamos a estilística e a expresividade que caracteriza o emprego dalgunhas formas facendo uso da adscrición de morfemas derivativos. O exemplo que parece ser máis claro témolo no período sintáctico *Morre, remorre, ultramorre* (TNS: 162), en que os diferentes afixos prefixais connotan un maior valor intensificador no verbo a que se adicionan. Máis mostras neste sentido son as dos casos de circunfixación *enfuciñar* (*enfuciñou* FN: 202), *esgarrafizar* (*esgarrafizada* FN: 204) ou aínda o derivado do pronome demostrativo composto *aqueloutrar* (*aqueloutrada* FN: 202).

Noutra orde de ideas, se viamos nos parágrafos precedentes a enorme rendibilidade que no autor de Trasalba ten o recurso da creación de palabras mediante procesos derivativos, non menos produtivo lle resultou o sistema da composición, de tal modo que se ten afirmado que se trata dun dos escritores que domina con mellor acerto os procedementos de creación de palabras (Freixeiro Mato 2006, III: 301). Deixando de parte algunhas sucesosas invencións, como *lαιοvento* (TM: 80), que acabaría por dar nome unha coñecida empresa editora galega, ou como *bocarribeira*, que, alén de se atestar na súa obra literaria (P: 17, 26; D: 60; etc.), lle serviu de título para o seu único poemario publicado, convén destacarmos a maioritaria e palpábel carga de lingua popular que transparece nas palabras xeradas, dando orixe, en ocasións, a alcumes e nomes propios de conscientes sonoridades coloquiais ou tradicionais: *Sr. Trepapouco* (de *tregar* + *pouco* AM: 21), *O crego de Penouta* (de *pena* + *outa* LA: 44) etc.

Os textos dramáticos DN, TNS e FN participan igualmente deste mecanismo. Un dos recursos que foi máis produtivo ao polígrafo ourensán consistiu na unión verbo + nome substantivo, que se rexistra recorrentemente con valores altamente expresivos e, en ocasións, pexorativos: á parte de empregar formas xa existentes na lingua popular, como *acarranchapernas* (de *acarranchar* + *pernas* TNS: 172), podemos aínda subliñar palabras como *calcaterras* (de *calcar* + *terras* TNS: 162), *tornavolta* (de *tornar* + *volta* TNS: 164), *vaivoda* (de *vai*, P3 do presente do indicativo de *ir*, + *voda* TNS: 163), *papalardo* (de *papar* + *lardo* TNS: 159) etc.

Mais os compostos que encontramos non se reducen unicamente á fórmula anterior. Especialmente eufónico e connotativo é o nome do pazo do fidalgo nocturno de FN, xerado a partir da estrutura substantivo + preposición *de* + substantivo: *Casdenoite* (200); o mesmo tipo de composición aparece na xa vista *bocarribeiras* (TNS: 166), a pesar de neste caso desaparecer a partícula relacional; a formación substantivo + substantivo produce a palabra *cachicán* (TNS: 159); por súa vez, este mesmo procedemento, mudando o substantivo nun adxectivo, proporciónanos a palabra *meirande* (TNS: 165), de *máis* + *grande*, tirada directamente da oralidade dialectal e popular de onde se proxectou produtivamente na linguaxe literaria moderna.

Outrosí, merece apuntarmos o facto de Otero utilizar algunhas palabras formadas a partir da estrutura preposición + pronome + substantivo. Unha destas composicións é *nestora*, de *en* + *esta* + *hora*, bastante utilizada nos textos (TNS: 171, 182, 189; FN: 205; etc.) e semanticamente próxima de *arestora* ou *arastora* ‘agora mesmo’; do mesmo modo, áchase *noutrora* (TNS: 174), de *en* + *outra* + *hora*.

### 5.3. O tratamento do léxico: o acrecentamento vocabular externo

As voces de procedencia extragalega utilizadas por Otero poden ser agrupadas doadamente so dúas etiquetas. Baixo a primeira encontramos as recursividades lexicais que lle proporcionan os idiomas europeos de tradición literaria, inducido, nalgúns casos, por unha vontade renovadora e diferencial, e, noutros, reflectindo a necesidade dunha palabra que se adecúe ao significado do produto importado. Na segunda etiqueta, en vez da consciente e deliberada actuación da anterior, o autor deixa transparecer as seculares condicións de sobrevivencia diglósica do galego a respecto do español, enformando un denotativo dunha

singular situación lingüística. Evidentemente, se o primeiro tipo de importacións, por puntual e literario, non afecta a substancialidade do galego, a segunda, por se popularizar, dana considerabelmente a riqueza lexical do idioma ao deixar unha evidente pegada na configuración do léxico galego contemporáneo, o ámbito onde vira máis perceptíbel a erosión do español (Ferreiro 1997: 321; Garrido 2011: 23).

Na recorrencia aos idiomas vehiculares de cultura gráfica que practica Otero, especialmente o francés, de que era lector habitual, cómpre, porén, distinguirmos dúas posibilidades de incorporación. A primeira límitase a utilizar a forma importada sen ningún tipo de adaptación ou cunha conversión mínima a respecto do galego. A segunda modalidade reconverte o vocábulo para lle dar un ar máis acorde coa lingua de chegada. Ao primeiro tipo de apropiación lexical pertencen *cabaret* (PM: 141), *sport* (D: 104), *bistecks* (D: 95) *folk-lore* (E: 128), *cartas* (P: 161), *jaaz-band* (PM: 79), *couplets* (E: 109), *restaurant* (E: 116), *Walkyria* (E: 120), *junkers* (TI: 65), *block* (LA: 16), *sotnia* (TI: 65) etc. O segundo recurso preséntanos palabras como *portar* (D: 33), *madamiñas* (AM: 13), *surtir* (P: 15), *turismo* (PM: 55) etc. Nótese que, excepto o último exemplo e en confronto coas palabras citadas da anterior modalidade, se tornan menos necesarias por existiren vocábulos como *levar*, *señoriñas* ou *saír*.

A presenza de palabras alleas ao galego documéntase igualmente nos tres textos dramáticos en que baseamos este contributo, embora non constituían uns exemplarios particularmente abundantes. DN fornece un único caso: *soviets* (153). O texto da TNS, contrastivamente, facilita máis mostras do fenómeno, principalmente de procedencia francesa e, nalgún caso, inglesa: *labros* (162), *campra* (158), *ordre* (170), *champagne* [...] *artois* (178), *ragouts* (182), *bacon* (175), *iceberg* (183) etc. Ao paso, como froito da vasta cultura atlántica de Otero, debemos entender o nome de Irlanda escrito en gaélico medieval: *Eirinn* (179). E, por último, en FN vira máis produtivo o recurso clásico, aínda que é empregado como unha licenza expresiva: *summa* (196), *per saecula s[a]eculorum* (199) *vagula blandula* (201) etc.

Mais a firme vontade identitaria dos escritores e intelectuais das IF e da Xeración Nós non puido eliminar da lingua literaria todas as interferencias lexicais debidas ao español, como sinalaba Mariño (1998: 466), a pesar de que desde o século XIX a “Otero Pedrayo é perceptible un progreso moi notable na depuración de castelanismos” (Fernández Salgado e Monteagudo Romero 1995: 136).

Testemuños de españolismos poden verificarse nas obras dramáticas empregadas aquí, a pesar de, no entanto, non teren unha frecuencia singularmente rendíbel: *centella* (DN: 156), *mármol* (DN: 155; TNS: 162), *viúda* (TNS: 162), *dispaciosas* (TNS: 176), *almohada* (TNS: 178), *decir* (TNS: 178, 179; FN: 198), *epidermis* (FN: 199), *devenir* (FN: 204) etc.

Algúns españolismos, na procura dunha lingua o máis pura posíbel, sufreron unha reconversión fonética para conseguiren unha certa aparencia de galeguidade: *devenir* (DN: 154), *xudío* (DN: 155), *entretañer* (TNS: 179), *alonxado* (TNS: 182), *desaunar* (*desaunaba* TNS: 173), *anxelo* (FN: 203), *mortaxa* (FN: 204) etc. Esta mesma ansia galeguizadora está presente, con distintos niveis, no resto da obra de Otero: *deseios* (AM: 105), *carreteira* (P: 122), *sigro* (E: 125), *roxos* [en lugar *vermello: roxos de sangue*] (PM: 55), *partixas* (LA: 26), *parexa* (LA: 35), *soilo* (LA: 18) etc.

## 6. CONCLUSIÓNS

A creación das IF na Coruña en 1916 culmina o proceso de tránsito do país “de provincia a nación” (Beramendi 2007) desde a óptica do pensamento político galeguista e, por consecuencia, o paso do galego de fala rexional a lingua nacional. As Irmandades, xunto co SEG ou coa Xeración Nós, son conscientes de o galego se achar falto de cultivo para alén do vinculado a temáticas rurais ou folclórica, e por este motivo principian conscientemente a percorrer os camiños da prosa, do ensaio e do teatro, uns xéneros escasamente rendíbeis até a ese momento no panorama literario galego da altura. Un dos autores máis relevantes foi Ramón Otero Pedrayo, que, aínda que foi máis coñecido pola súa dedicación á prosa ou ao ensaio, deixou escrita unha importante produción dramática, ponderada pola crítica actual polo que supuxo de renovación e orixinalidade, ben como pola influencia que tivo en autoras e autores actuais.

Finalmente, en toda a súa obra, o galego, cuxo modelo lingüístico se enforma precisamente na época das IF, constitúe un exemplo sobranceiro de harmonización da oralidade co rexistro literario culto de que carecera secularmente o idioma, a un tempo que, partindo do puramente falado nas súas compoñentes diatópica, diafásica e diastrática, se torna nunha das expresións na nosa lingua máis interesantes na historia literaria moderna. A noso ver, ese modelo, do punto de vista lexical, asenta

nunha consciente innovación, na produtividade de recursos intrínsecos, nun propositado diferencialismo a respecto do español e nunha ansia depuradora das parcelas lingüísticas erosionadas por esta lingua. Ao mesmo tempo, os trazos da expresión literaria de Otero dótana dunha enorme plasticidade que a fai centralmente adecuada para o xénero dramático.

## 7. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

### 7.1. DESENVOLVEMENTO DE SIGLAS BIBLIOGRÁFIAS

- AM = Otero Pedrayo, Ramón (1928): *Os camiños da vida. Novela en tres partes. II. A maorazga*, A Coruña, Nós.
- AS = Otero Pedrayo, R. (1980 [1930]): *Arredor de si*, Vigo, Galaxia.
- ATC = Dieste, Rafael (1981): *Antre a terra e o ceo*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro.
- CS = Tato Fontañá, Laura (ed.) (2018): Ramón Otero Pedrayo, *Camino de Santiago. Guión para una película*, Vigo, Galaxia.
- D = Otero Pedrayo, Ramón (1935): *Devalar*, Santiago de Compostela, Nós.
- DN = Otero Pedrayo, Ramón (1930): *Diálogos na néboa*, en *El Pueblo Gallego*, nº 1907, 11.05.1930. Citamos por Sánchez Rei, Xosé Manuel (ed).
- E = Departamento de Filoloxía Galega (ed.) (1988): *Día das Letras Galegas 1988. Otero Pedrayo na Revista Nós. 1920-1936 (Escolma)* [reproducción facsimilar dalgúns artigos aparecidos na revista], Santiago de Compostela, Universidade.
- ES = Otero Pedrayo, Ramón (1966): *O espello na serán*, Vigo, Galaxia.
- FN = Otero Pedrayo, Ramón (1988 [1979, reeditado en 1970]): *O fidalgo e a noite. Cadernos da Escola Dramática Galega*, 7. Citamos por Sánchez Rei, Xosé Manuel (ed).
- LA = Otero Pedrayo, Ramón (1928): *A Lagarada*, A Coruña, Nós.
- OC = Beramendi, Justo G. (ed.) (1984): Antonio Losada Diéguez, *Obra completa*, Vigo, Xerais.
- PM = Marco, Aurora (ed.) (1988): Ramón Otero Pedrayo, *Prosa miúda. Artigos non coleccionados (1927-1934)*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro.
- PR = Otero Pedrayo, Ramón (1973): “Prólogo”, en Ramón Otero Pedrayo (dir.), *Historia de Galiza*. Vol. I: V-XXIII, Buenos Aires, Ediciones Galicia.
- TI = Marco, Aurora (ed.) (1991): Ramón Otero Pedrayo, *Teatro ignorado*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- TNS = (1960): *Traxicomedia da Noite dos Santos*, en *Quatro Ventos (Revista Lusíada de Cultura e Arte)*, 2ª Serie. Tomo II. Número extraordinario: 199-218. Citamos por Sánchez Rei, Xosé Manuel (ed).

### 7.2. REFERENCIAS

- A[LVARINO], R[amón] [= Leandro Carré Alvarellos] (1919): *Compendio de gramática galega*, A Coruña, Imprenta Nova.
- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (1988): “Escribir en galego: Otero Pedrayo”, en Departamento de Filoloxía Galega (ed.), *Otero Pedrayo na Revista Nós. 1920-1926 (Escolma)*, Santiago de Compostela, Universidade, 9-23.
- BERAMENDI, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Xerais.
- BERAMENDI, Justo (2016): “As Irmandades da Fala e o nacemento do nacionalismo galego”, en Uxío-Breogán Diéguez Cequiel (coord.), *As Irmandades da Fala (1916-1931)*, Santiago de Compostela, Laiovento, 63-81.
- BISCAIÑO FERNÁNDES, Carlos Caetano (2007): *A Escola Dramática Galega na configuración do sistema teatral*, Santiago de Compostela, Laiovento.

- BISCAÍNO FERNANDES, Carlos Caetano / Cilha LOURENÇO MÓDIA (2002): *O ideario teatral das Irmandades da Fala. Estudio e antoloxía*, A Coruña, Deputación Provincial.
- BLANCO ECHAURI, Xesús / María Pilar GARCÍA NEGRO / Goretti SANMARTÍN REI (2006): *Textos filosófico-políticos de Ramón Vilar Ponte*, Vol. I, Lugo, Deputación Provincial.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel / Fernando TATO PLAZA (eds.) (1989): Ramón Otero Pedrayo, *Teatro de Máscaras. Esquemas e proxectos*, Vigo, Galaxia.
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio (1935): *El idioma gallego. Historia, gramática, literatura*, Barcelona, Casa Editorial de Alberto Martín.
- CUVEIRO PIÑOL, Juan (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*, Pontevedra, Imprenta de José Antúnez y Cía.
- FERNÁNDEZ SALGADO, Benigno (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos galegos de principios do século XX (1913-1936)*, Anexo 47 de *Verba*, Santiago de Compostela, Universidade.
- FERNÁNDEZ SALGADO, Benigno / Henrique MONTEAGUDO ROMERO (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en Henrique Monteagudo Romero (ed.), *Estudios de sociolingüística galega*, Vigo, Galaxia, 99-176.
- FERREIRO, Manuel (1997): *Gramática histórica galega*, Vol. II *Lexicoloxía*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor (1982): *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (1995): *Rafael Dieste. Vida, personalidade e obra*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2006 [1998-2002]): *Gramática da Lingua Galega*, Vol. I. *Fonética e Fonoloxía*; Vol. II. *Morfosintaxe*; Vol. III. *Semántica*; Vol. IV. *Gramática do Texto*, Vigo, A Nosa Terra.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón / Xosé Manuel SÁNCHEZ REI / Goretti SANMARTÍN REI (2005): *A lingua literaria galega no século XIX*, A Coruña, Universidade.
- GARCÍA BARROS, Manuel (1930): *Falemos na nosa Fala...*, A Estrada, Tip. La Artística.
- GARCÍA DE DIEGO, Vicente (1984 [1909]): *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)*, Anexo 23 de *Verba*, Santiago de Compostela, Universidade.
- GARCÍA NEGRO, María Pilar (2012): “Manuel García Blanco, heraldo das Irmandades da Fala”, en Goretti Sanmartín Rei (ed.), *Consideracións sobre a decadencia e a rehabilitación da lingua galega. Homenaxe a García Blanco*, Monografía 7 da *Revista Galega de Filoloxía*, A Coruña, Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña, 83-94.
- GARRIDO, Carlos (2011): *Léxico galego. Degradación e regeneración*, Sant Cugat del Vallès (Barcelona), Edições da Galiza.
- ÍNSUA, Emilo Xosé (2016): *A nosa Terra é nosa! A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)*, A Coruña, Baía Edicións.
- IRMANDADES DA FALA (1933): *Vocabulario Castellano-Gallego de las Irmandades da Fala*, A Coruña, Imprenta Moret.
- LOURENZO, Manuel / [Francisco] PILLADO MAYOR (1979): *O teatro galego*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro.
- LOURENZO, Manuel / Laura TATO FONTAÍÑA (1997): “Grupo Nós: o teatro”, en Alberte Ansede Estraviz / Cesáreo Sánchez Iglesias (dirs.), *Historia da literatura galega*, Vol. III, Vigo, Asociación Socio-Pedagógica Galega / A Nosa Terra, 769-800.
- LUGRÍS FREIRE, Manuel (1931 [1922]): *Gramática do idioma galego*, A Cruña, Imprenta Moret.



- MANUEL ANTONIO (1989): *De catro a catro e outros textos*, Vigo, Xerais.
- MARIÑO PAZ, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- MIRÁS, Francisco (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes temas. Un grandioso poema de 100 octavas titulado La creación y la redención. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor*, Santiago de Compostela, Establecimiento Tipográfico de Manuel Mirás.
- MONTEAGUDO, Henrique (ed.) (1998): Ramón Otero Pedrayo, *A Lagarada. O desengano do prioiro*, Vigo, Galaxia
- RISCO, Vicente (1933): “Nós, os inadaptados”, *Nós*, 115, 115-123.
- RISCO, Vicente (2001): *Plan Pedagóxico para a Galeguización das Escolas*, [A Coruña], Asociación Sócio-Pedagóxica Galega.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Francisco (1996): “Definición, características e periodización da literatura galega”, en Alberte Ansedo Estraviz / Cesáreo Sánchez Iglesias (dirs.), *Historia da literatura galega*, Vol. I, Vigo, Asociación Socio-Pedagóxica Galega / A Nosa Terra, 5-32.
- SACO ARCE, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega*, Lugo, Imprenta de Soto Freire.
- SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel (2005): “Trazos xerais da tradición gramatical galega”, *Revista Galega de Filoloxía*, 6, 93-121.
- SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel (2012): “Manuel García Blanco e a calidade da lingua: o contexto social e o filolóxico nos inicios do século XX”, en Goretti Sanmartín Rei (ed.), *Consideracións sobre a decadencia e a rehabilitación da lingua galega. Homenaxe a García Blanco*, Monografía 7 da *Revista Galega de Filoloxía*, A Coruña, Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña, 183-205.
- SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel (1999) (ed.): *O fidalgo e o teatro. Tres textos dramáticos de Ramón Otero Pedrayo*, A Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor / Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña.
- SANMARTÍN REI, Goretti (2009): *Nos camiños do entusiasmo*, Vigo, Xerais.
- SANTIAGO Y GÓMEZ, José (1918): *Filología de la lengua gallega*, Santiago de Compostela, Tipografía de El Eco Franciscano.
- TATO FONTAÍÑA, Laura (2013): *Do teatro ao cinema. Obras dramáticas e guións de Ramón Otero Pedrayo*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- TATO FONTAÍÑA, Laura (2018): “Introdución”, en Laura Tato Fontaíña (ed.), Ramón Otero Pedrayo, *Camiño de Santiago. Guión para una película*, Vigo, Galaxia, 9-51.
- VALLADARES, Marcial (1884): *Diccionario gallego-castellano*, Santiago de Compostela, Imprenta del Seminario Conciliar Central.
- VÁZQUEZ SOUZA, Ernesto (2004): *Desta beira do Leteu*, Ames, Laivento.
- VIEITES, Manuel Francisco (1998): “A obra dramática de Otero Pedrayo. Entre a tradición e a modernidade”, en Henrique Monteagudo (ed.), Ramón Otero Pedrayo, *A lagarada. O desengano do prioiro*, Vigo, Galaxia, 8-39.
- VILLAR PONTE, Antón (1916a): *Nacionalismo gallego. Nuestra “afirmación” regional*, A Coruña, Tip. Obrera.
- VILLAR PONTE, Antón (1916b): “A bandeira ergueita”, *A Nosa Terra* 1 (14.11.1916), 1-2.
- VILLAR PONTE, Antón (1971): *Pensamento e sementeira*, Buenos Aires, Ediciones Galicia.
- VIQUEIRA, Xohán Vicente (1974): *Ensaíos e poesías*, Vigo, Galaxia.